

Contido

1.	Produtos e procesos para o enmascarado en embelecemento de superficies	2
1.1.	Produtos de enmascarado	3
1.1.1.	Papel de enmascarar	3
1.1.2.	Film de enmascarar	3
1.1.3.	Film transparente autofixador	4
1.1.4.	Film para o secado con IR.....	5
1.1.5.	Fundas plásticas	5
1.1.6.	Mantas de enmascarar.....	5
1.1.7.	Cubrerrodas.....	6
1.1.8.	Cinta adhesiva de uso xeral.....	6
1.1.9.	Cinta de perfilar.....	7
1.1.10.	Cinta para molduras	8
1.1.11.	Burlete de enmascarar	8
1.1.12.	Cordón piramidal.....	9
1.1.13.	Útil coloca xunquillos	10
1.1.14.	Máscara líquida	10
1.1.15.	Carro de enmascarar	11
1.2.	Procesos de enmascarado.....	11
1.2.1.	Pintado de vehículo completo	11
1.2.2.	Pintado parcial de vehículos.....	15
1.2.3.	Pintado de interiores.....	15

1. Produtos e procesos para o enmascarado en embelecemento de superficies

O enmascaramento ou o empapelamento, é a técnica coa que protexemos os accesorios ou as pezas do vehículo que non van ser pintadas.

Durante os procesos de lixado xérase unha gran cantidade de po que, unha vez que entra en contacto cos interiores do vehículo, resulta moi laboriosa de eliminar. Este traballo pódese reducir ou eliminar cun bo enmascarado.

Ademais as aplicacións de aparellos, pinturas e vernices realízanse con pistolas aerográficas que xeran unha néboa de pulverizados. Estes pulverizados poden resultar imposibles de eliminar en certos plásticos de molduras ou tapizados.

O proceso de enmascarado resulta unha técnica sinxela e rápida se se realiza con produtos propios de enmascarar. Antigamente esta técnica realizábase con papel de periódico, o que resultaba ser un traballo laborioso, ineficaz e caro, debido a que o papel de periódico cubría zonas pequenas co que aumentaba o consumo de carroceiro e ao non ser impermeable as pinturas aplicadas danaban as partes protexidas polo periódico. Na actualidade temos unha gran variedade de produtos que nos facilitan o traballo.



1.1. Produtos de enmascarado

Temos una ampla variedade de produtos no mercado. Se coñecemos características e a empleabilidade conseguimos realizar traballos eficaces nun curto período de tempo. A continuación describimos estes produtos e a forma de empregalos.

1.1.1. Papel de enmascarar

O papel de enmascarado serve para cubrir superficies amplas no vehículo. Este papel existe en diferentes tamaños e debe reunir una serie de cualidades que son:

- Resistencia aos disolventes.
- Ser impermeable á auga do lixado.
- Presentar unha densidade o suficientemente compacta para evitar ser atravesado pola presión da pintura na aplicación.
- Ter unha resistencia suficiente para a súa manipulación
- Facilitade para adaptarse ás diferentes superficies.
- Non debe ter fibras sotas, e debe ser liso para evitar ou dificultar a acumulación do po.



O papel de enmascarar subminístrase en rolos de diferentes tamaños. Escolleremos o tamaño máis adecuado á superficie. Recortámolo e ancorámolo á carrozaría por medio de cinta de carroceiro.

1.1.2. Film de enmascarar

O film é unha delgada lámina de plástico que ao igual ca o papel de enmascarar emprégase para cubrir grandes superficies. O seu subministro tamén se realiza en bobinas de diferentes tamaños. Os anchos máis común son 35cm, 60cm, 120cm e 180cm. Normalmente o film vén provisto dunha cinta de carroceiro que se emprega para a súa adherencia á carrozaría.

O film debe ser resistente aos disolventes á vez que impermeable.



A forma de empregalo é similar ao papel de enmascarar. Escollerase o tamaño máis axeitado colócase o film desdobrándoo sobre el mesmo. Recórtase o sobrante e suxéitanse os extremos con cinta.

1.1.3. Film transparente autofixador

É un film de plástico transparente que se adhire á superficie. Emprégase no pintado de formas complicadas como sucede nos procesos de aerografía. Ao ser transparente pódese recortar a superficie que se vai pintar.



1.1.4. Film para o secado con IR

É un film brillante no cal rebotan os raios IR. Desta forma, ademais de protexer dos pulverizados tamén protexemos algún elementos da calor, como poden ser molduras de plástico que se poderían deformar cun exceso de calor.

1.1.5. Fundas plásticas

É un film que se subministra en rolo. Ao desdobralo, o seu tamaño é capaz de cubrir toda a superficie do vehículo. As características son similares ás do film. O modo de emprego baseáse en cubrir toda a superficie do vehículo. Logo, recortárase a zona que se desexa repintar.



1.1.6. Mantas de enmascarar

É unha manta téxtil coa que se cobre o vehículo. Esta manta está provista de cremalleiras que cando se abren, deixan á vista a parte do vehículo que se desexa pintar. Resulta dun investimento custoso e dun mantemento delicado, xa que se debe gardar nun baúl estanco propio para o seu almacenamento, protexéndoo da sucidade que se xera no taller de pintura.



1.1.7. Cubrerrodas

Son fundas especiais dotadas dun sistema de acoplamento rápido á roda para facilitar a montaxe e asegurar a súa fixación. Ten propiedades idénticas ás láminas e mantas, ademais de ser reutilizables.



1.1.8. Cinta adhesiva de uso xeral

É comunmente coñecida como cinta de carroceiro ou cinta de empapelar. Son cintas autoadhesivas que se utilizan para enmascarar pequenos accesorios, individualmente ou como complemento doutros produtos de enmascaramento, como papel, film, plástico, fundas, etc. Existen rolos de ancho variado e de diferentes composicións segundo as necesidades do carroceiro. Existen cintas resistentes ao pintado con produtos a base de auga, ao disolvente ou a ambos ao mesmo tempo.

A parte inferior é adherente e a exterior é lixeiramente rugosa para unha mellor adherencia da pintura.

Dadas as súas características o corte realízase de forma manual, rápida e sinxela.

A cinta de empapelar debe reunir as seguintes características:

- Conseguir unha boa suxección do material de enmascarar o vehículo.
- Permitir que se despegue sen danar a pintura.
- Non deixar restos de adhesivos cando se retira.
- Facilitade para aplicalo incluso en cambios de dirección.
- Soportar o lixado á auga
- Ser resistente ás temperaturas de secado e ao disolvente.



1.1.9. Cinta de perfilar

Son cintas dun ancho e dun grosor moi finos. Utilízanse no enmascarado de franxas adhesivas. Debido á súa flexibilidade, á súa plasticidade e ao baixo grosor, adáptanse perfectamente ás zonas con curvas. Son ideais para aerografías e elementos de plásticos, como os parachoques. Tamén se usa para pezas tridimensionais e para que queden os bordes estean ben definidos en pezas de dúas cores. Son resistentes aos disolventes e ás altas temperaturas, e canto menor sexa o seu espesor, máis discreto será o borde ou o escalón da pintura que quede ao seren retiradas.



1.1.10. Cinta para molduras

Utilízanse no enmascarado de gomas de lunas pegadas e en molduras adhesivas con alma metálica, as cales poderían deteriorarse no proceso de desmontaxe. Evita posibles desperfectos que en ocasións xorden cando se enmascara con cinta adhesiva normal.

Estas cintas están compostas por unha parte adhesiva que está protexida por unha fina lámina de plástico e unha pequena tira de plástico reforzada.

A tira de plástico reforzada introdúcese debaixo da goma ou da xunta e retírase a laminiña protectora, fixándose a cinta á zona que se vai protexer ou ao papel de enmascarar, segundo as necesidades.



1.1.11. Burlete de enmascarar

O burlete de enmascarar é un cordón de espuma de poliéster, recoñecido como o produto para carrozarías máis innovador e efectivo dos últimos tempos. Hai unha gran variedade de burletes que se diferencian, principalmente, polo seu diámetro.


Nunha das súas caras leva un adhesivo para a súa colocación.

Este sistema permite aforrar tempo de enmascarado nas separacións de pezas xa que non deixa escalón apreciable na pintura e sela as fendas evitando a intrusión de po e pintura. Utilízase para ocos de portas, capós e tapas de combustible. Tamén se usa no pintado parcial de pezas delimitando a superficie que se vai pintar para que o escalón que orixina a pintura recién aplicada sexa insignificante.



1.1.12. Cordón piramidal

Son cordóns de seis milímetros de diámetro que simplifican o pintado ao redor das molduras de goma, xa que se introducen entre a goma utilizando un aplicador deseñado nun material plástico para non danar a carrozaría. Así evítase que se formen costuras nas xuntas.



1.1.13. Útil coloca xunquillos

É un útil co que se introduce o cordón piramidal debaixo das gomas que poida ter a carrozaría, como poderían ser as gomas das lunas calzadas ou as gomas de contorno de ventanillas.



1.1.14. Máscara líquida

Son vernices protectores que se aplican con pistola aerográfica. Cando se seca, forma unha especie de pel fina capaz de soportar disolventes e as temperaturas de secado. A súa retirada é fácil, xa que, dependendo do fabricante, elimínase tirando dela como se fose papel de decoración de parede, ou simplemente lavando o vehículo con auga. Este produto desfaiase completamente e actúa coma se fose xabón.

1.1.15. Carro de enmascarar

É un dispensador de papel ou film de enmascarar. Dependendo da forma e do fabricante pode dispensar só papel ou cinta que se adhire ao papel formando así un único produto.



1.2. Procesos de enmascarado

En todo proceso de enmascarado debemos seguir unhas normas comúns:

- Limpar e desengraxar as zonas nas que se vai enmascarar ou colocar a cinta, xa que se están sucios poderíanse despegarse mentres se está pintando.
- Decidir as pezas que se deben desmontar antes do pintado para enmascarar a menor superficie posible.
- Seleccionar o tipo de enmascarado máis conveniente para as zonas que se van enmascarar.

A continuación, imos describir os procesos de enmascarado dependendo da superficie que se vai pintar e da peza que se vai enmascarar.

1.2.1. Pintado de vehículo completo

Enmascarar todo o vehículo é unha tarefa laboriosa posto que temos que enmascarar todas as partes do vehículo que non se van pintar.

Enmascarado de cristais e lunas

Este proceso realízase introducindo o cordón piramidal coa axuda do útil coloca-xunquillos debaixo das gomas. Deste xeito levantamos a goma e empapelámola sen tocar a carrozaría. Así conseguimos evitar a creación de escaleiras nos bordes da pintura.

Outra forma de empapelar estes elementos é coa cinta para molduras. Introducimos a parte ríxida debaixo da goma. Tensamos a cinta e pegámola sobre o cristal. Desta forma, conseguimos separar a goma da carrozaría evitando os escalóns.



Enmascarado de molduras e tiradores

Para un bo pintado nos bordes das molduras e dos tiradores das portas, o máis recomendado é proceder á súa desmontaxe. Deste xeito asegurámonos de que non queden escalóns nin manchas nas molduras. Se isto non é posible, o máis recomendado é enmascarar con cinta de carroceiro recortando a cinta cun cúter.

Protección das rodas

O enmascarado das rodas podémolo realizar coa manta cubrerrodas, a cal está provista dun sistema de velcro co que a manta é capaz de cubrir a roda e adherirse sobre si mesma.



Este proceso tamén se pode realizar cun film ou papel envolvendo a roda ou pegando calquera dos dous produtos no interior da aleta e que cubra a roda, como se ve nas imaxes.



Protección de interiores

- Oco motor

Se se realiza sen o capó, este proceso faise pegando o film ou papel de enmascarar na parte interna das aletas. Únense as aletas mediante o produto de enmascarar e termínase unindo o produto de enmascarar co torpedo (zona inferior do parabrisas) e coa defensa.

Se pola contra temos o capó montado, o proceso realízase colocando un burlete na zona interior da aleta, a área baixa do parabrisas e a zona superior da defensa. Ao pechar o capó debemos asegurarnos que o burlete estea ben colocado, evitando o paso de pulverizados.

- Oco maletreiro

O proceso é o mesmo ca o anterior, pero no maletreiro.

- Interior das portas

Se imos facer o pintado coa porta pechada, debemos colocar burlete nas áreas de peche da porta. Sobre este burlete colocamos film e desdoblámolo cara ao interior do vehículo. Así asegurámonos de que os pulverizados non danen os tapizados.



Se o proceso se realiza coa porta aberta, temos que enmascarar o oco da porta con film e á vez, enmascarar a zona interior da porta.



1.2.2. Pintado parcial de vehículos

Cando realizamos o pintado parcial dun vehículo podémolo facer ao corte ou difuminado. Se o facemos ao corte, o enmascarado resulta sinxelo. Temos que enmascarar todo o vehículo excepto a peza por pintar.

Se realizamos un difuminado teremos que ter en conta o tipo de difuminado por realizar, pero por norma xeral, realizaremos un dobre empapelado. O primeiro empapelado será todo o vehículo excepto dunha parte cercana á zona por reparar. O segundo empapelado será esa parte cercana. O motivo de realizar este empapelado radica en que durante o proceso de difuminado, teremos que desempapelar a zona cercana ao pintado e sen descubrir o resto do empapelado.

1.2.3. Pintado de interiores

Cando pintamos interiores debemos enmascarar todos os elementos que non poden ser desmontados.

- Protección de instalacións eléctricas

Para protexer as instalacións eléctricas, podemos cubrilas envolvéndooas con cinta de carroceiro, film ou papel de enmascarar.

- Protección de elementos electromecánicos

Do mesmo xeito que as instalacións eléctricas, estes elementos pódense protexer envolvéndooas con film ou papel, pero se o posterior secado das pinturas se realiza con IR, recoméndase protexelo co film propio para o secado con IR. Deste xeito garantimos que os compoñentes electrónicos non sexan danados por exceso de calor.

- Protección de tapizados e guarnecidos

Ao igual ca no caso anterior utilizaremos film ou papel de enmascarado e, se o secado se realiza con IR, utilizaremos un film especial que asegure que os órganos por protexer non se danen coa calor.